

Grupo Municipal
Concello de Ames



MOCIÓN PARA QUE O GRUPO DE GOBERNO DO CONCELLO DE AMES CUMPRA OS PROCESOS ADMINISTRATIVOS NA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS E O CUMPRIMENTO DA LEXISLACION VIXENTE E EN ESPECIAL DA LEY DE CONTRATOS DEL SECTOR PÚBLICO

Santiago V. Amor Barreiro, voceiro do Grupo Municipal Popular no Concello de Ames, en nome e representación do mesmo e ao abeiro do establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 1986, eleva ao Pleno da Corporación para o seu debate a seguinte MOCIÓN.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS


Con demasiada frecuencia vemos que nas actas das Xuntas de Goberno Local hai facturas que contan con informes de disconformidade do servizo de intervención por motivos tan dispares como:

- *Non ter autorización previa*
- *Incumprimento das Bases de Execución Orzamentaria*
- *Exceso no límite sinalado pola LEY 30/2007, de 30 de outubro de Contratos del Sector Público.*
- *Por ter a necesidade de licitar*
- *Ou por estar o contrato vencido*

Esta situación complícase debido á situación de prórroga orzamentaria e polo tanto, implica que os capítulos VI e VII correspondentes ao gasto de capital teñan sido dados de baixa.

Esta situación provoca ademais que se teña que recorrer con demasiada frecuencia á aprobación extraxudicial de crédito.

Á ATENCIÓN DO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES



Por todo o exposto, o Grupo Municipal Popular propón á consideración do Pleno a seguinte

MOCIÓN

1. Subsana coa maior celeridade posible as irregularidades cometidas en canto aos procedementos de contratación e pago destes servizos.
2. Que a partir de agora, os procedementos administrativos se rexan escrupulosamente pola legalidade vixente co fin de promover a transparencia e igualdade de oportunidades en canto a concorrencia de empresas que queiran participar nos distintos procedementos de negociación concurso etc.
3. Que o departamento de secretaría emita informe sobre as posible responsabilidades derivadas destas actuacións.

En Ames a 14 de Marzo de 2009

Asinado: Santiago V. Amor Barreiro

Voceiro Municipal do Grupo Popular no Concello de Ames